

ANEXO III: SERVICIOS DE COMEDOR ATA OS 12 MESES

- A cota mensual inclúe dar a os bebés de ata 7 meses, os biberóns que demanden ao longo da súa estancia no centro.
- A partir dos 7 meses, non se darán biberóns despois das 12 h.
- Cando en lugar de biberón o neno/a toma a papilla con culler cobrarase como un servizo de almorzo. Tendo que facilitar a familia o leite e os cereais, en caso de tomalos.
- As papillas de calquera outro alimento que non sexa leite e cereais (froita, verduras...) elaboraranse na cociña da escola e cobraranse como un servizo de comedor
- Á escola non se poderá traer ningún alimento que non sexa leite de fórmula ou materna e cereais.
- Cando se introduza na alimentación a froita e as verduras e se sospeite dalgunha alerxia ou intolerancia alimentaria, a familia poderá traer á escola a papilla elaborada, ata ter un diagnóstico médico. Esta situación non poderá prolongarse máis dun mes. Pasado este tempo faráselle a comida na escola, eliminando os ingredientes que a familia nos indique, acompañando a súa petición dun informe médico.

A partir dos 12 meses o servizo de biberóns cobrarase como un almorzo. Tendo que facilitar a familia o leite e os cereais.

Este servizo só se poderá solicitar ata que o neno ou nena cumpra os 18 meses.